

Bo día. Estamos na segunda semana de confinamento. Agardo e desexo que todas/os esteades ben. Ánimo!

Hoxe imos repasar os verbos con alternancia vocálica no radical. Se tendes dúbidas, consultade o apéndice do libro (páxinas 8 e 9)

Verbos con alternancia vocálica

- Algúns verbos que rematan en – **IR e teñen na última vogal do lexema un “e”**, cambian esa vogal por “i” nalgúns formas do presente de indicativo, en todo o presente de subxuntivo e no imperativo. Ademais algúns tamén abren o “e” [ɛ] na 2ª, 3ª e 6ª persoas do presente de indicativo.

Deste xeito:

Medir: mido, mides, mide, medimos, medides, miden // mida, mida, mida...

Servir: sirvo, **serve**, **serve**, servimos, servides, **serven**// sirva, sirvas, sirva...

- Algúns verbos que rematan en – **IR e teñen na última vogal do lexema un “u”**, cambian esa vogal por “o” [ɔ] na 2ª, 3ª e 6ª persoas do presente de indicativo.

Deste xeito:

Durmir: durmo, **dormes**, **dorme**, durmimos, durmides, **dormen**

Imos practicar con exercicios:

1 Lembra a conjugación dos verbos con alternancia vocálica e pon a forma de presente de indicativo que corresponda do verbo que vai entre parénteses:

-Ultimamente non (acudir;el) _____ ao teatro tanto como antes.

-O noso seguro (cubrir) _____ toda clase de accidentes.

-É moi cauta, sempre (medir) _____ moi ben as súas palabras.

-Todos eses vellos aparatos xa non (servir) _____ para nada.

-Se non(durmir; ti) _____ máis de cinco horas é lóxico que esteas canso.

-Son aínda moitos os que (sufrir) _____ as consecuencias da guerra.

-(Seguir; ti) _____ sendo a mesma persoa de sempre.

-É no século XIX cando (rexurdir) _____ a nosa literatura.

-Nunca din a verdade, sempre (mentir; eles) _____.

-A lúa xa non (lucir) _____ tanto como outros días.

2 Escribe as persoas segunda de singular e segunda de plural do presente de indicativo, do presente de subxuntivo e do imperativo dos verbos fuxir, sacudir, seguir e repetir, e logo describe pormenorizadamente as alternancias da vogal

radical nestes verbos.